ACTA COMISIÓN DE CALIDADE

Sesión do 23 de abril de 2015

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Comisión de Garantía Interna de Calidade, o xoves 23 de abril de 2015, ás 16.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. **Lectura e aprobación da acta anterior (11 de febreiro de 2015)**
2. **Informe da Decana**
3. **Debate e propostas dos criterios de selección dos recursos materiais**
4. **Proposta e aceptación, se procede, da inclusión do bolseiro colaborador nas accións de mellora da calidade do centro na Comisión de Calidade**
5. **Debate e propostas ao Plan de viabilidade do Grao en Xeografía e Historia**
6. **Rogos e preguntas**

1. Lectura e aprobación da acta anterior

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

2. Informe da Decana

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Desculpa a asistencia de: Marta López (obrigas docentes), Xulio Rodríguez (compromisos profesionais) e Pablo Sánchez.

- A decana informa da realización dun curso de calidade en Vigo, con representantes doutros centros, no que se contaron as súas experiencias. Entre elas destaca a realización dunha guía para a elaboración do TFG. Dende Vigo informan de que se seguirán facendo estas xuntanzas para o intercambio de opinións.

- Incide na realización das enquisas de satisfacción tanto por parte do profesorado coma do estudantado, xa que redunda negativamente no centro a escasa participación.

3. Debate e propostas dos criterios de selección dos recursos materiais

O material funxible se compra a través da empresa que gañou a concesión na Universidade de Vigo pero para a adquisición doutros recursos materiais se precisan duns procedementos específicos e dunha ficha de solicitude que hai que cumprimentar.

Despois dun breve debate, apróbanse os procedementos IT01-PA07, IT02-PA07 e PA07 relacionados co procedemento para a xestión dos recursos materiais.

4. Proposta e aceptación, se procede, da inclusión do bolseiro colaborador nas accións de mellora da calidade do centro na Comisión de Calidade

A decana informa que xa se resolveu a bolsa de calidade. O alumno do centro, Roberto Rodríguez, foi o seleccionado; de momento está encargado da interacción co estudantado en temas de calidade. A súa proposta é incorporalo a esta Comisión.

Apróbase a súa inclusión na Comisión.

5. Debate e propostas ao Plan de viabilidade do Grao en Xeografía e Historia

Tras remitir o plan á Vicerreitoría de Organización Académica, nos transmitiron a necesidade de incidir no Campus da Auga e nas relacións internacionais entre outras cousas. Tamén nos indicaron que sería moi interesante a aportación de cartas de apoio ao plan de viabilidade por parte de diferentes organismos e institucións. Estas cartas de adhesión se están a recibir polo que se incluirán ao plan.


6. Rogos e preguntas

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 17.00 horas, e de todo dou fé como secretaria.

A decana

A secretaria



Susana Reboreda Morillo



M Carmen Arribas Álvarez

COMISIÓN DE CALIDADE

ORDINARIA
23/04/2015

	ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN	SI	
COMENDADOR REY, BEATRIZ	SI	
DÍAZ ALONSO, XOEL	SI	
GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT		NO
LÓPEZ DÍAZ, MARÍA	SI	
LÓPEZ LÓPEZ, MARTA		SI
PRESEDO GARAZO, ANTONIO	SI	
REAL LÓPEZ, ARTURO	SI	
REBOREDA MORILLO, SUSANA	SI	
RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, JULIO		SI
SÁNCHEZ FERRO, PABLO		SI
UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE	SI	